



Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA neste Concello, presenta, para inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN a respecto do acondicionamento da contorna da antiga Escola Unitaria da Ponte Barbanza.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fai xa moitos anos que a Ponte Barbanza non ten Escola Unitaria. Unha vez desafectada, alguén tomou a decisión de derrubar o edificio. Nin se mantivo en uso como as do Vilariño, O Campo/Angustia, ou A Granxa), nin se deixou esmorecer lentamente como as da Ribeiriña ou Camiño Ancho), nin arruinar definitivamente como a dos Casás.

A día de hoxe da Escola Unitaria da Ponte Barbanza só quedan os restos dunha plataforma que un día quixo ser algo máis e uns accesos descoidados.


Igual que tantas outras áreas non urbanas do noso concello, a zona da Ponte Barbanza / Crocha de Poñente é deficitaria en equipamentos sociais para o lecer e gozo da súa veciñanza ou en instalacións para a práctica deportiva, nomeadamente nas franxas de idade máis novas.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1. Realizar as obras necesarias para recuperar os terreos da antiga escola unitaria da Ponte Barbanza para o uso comunitario, refacendo a pista e adaptándoa á práctica deportiva e construíndo un peche perimetral.

A Pobra do Caramiñal, 9 de febreiro de 2018



Asdo.: Ramiro Ouviaña Ouviaña,
Concelleiro do G. M. do BNG-AA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL